



LUGAR E DATA:	
FERROL, 04 de novembro de 2021	
	DESTINATARIO:
	Comunidade Escolar

CIRCULAR INFORMATIVA

Pola presente comunícase que nas vindeiras semanas se vai levar a cabo a renovación parcial do Consello Escolar, regulada na Resolución de 30 de setembro de 2021.

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar, polo que animamos a todos/as a participar neste proceso electoral e a presentar candidaturas para que poida haber representación de todos os sectores (pais/nais/representantes legais, alumnado, persoal de administración e servizos e profesorado).

Pode participar todo o profesorado, alumnado, pais/ nais e titores/as legais, persoal de administración e servizos de dous xeitos: como candidatos/as e/ou votando o día das eleccións. As eleccións organízanse constituíndo unha xunta electoral, formada polo director, un pai/nai/representante legal, un profesor/a, un membro do persoal non docente e un alumno/a. A devandita xunta electoral, constituída o día 3 de novembro, elaborou un calendario electoral e aprobou os censos electorais (ambos se atopan expostos no taboleiro do edificio administrativo). Posteriormente deberá admitir e proclamar as candidaturas, constituír as mesas electorais e proclamar os candidatos elixidos.

Contra o censo electoral pódense facer reclamacións ata o día 12 de novembro ás 10:20 horas.

As candidaturas, segundo modelo que se achega, poden presentarse no centro ata as 12:20 horas do día 15 de novembro.

O sorteo público para a elección das mesas electorais terá lugar o día 15 de novembro ás 12:20 no edificio administrativo do IES de Catabois en presenza da Xunta Electoral.

Finalmente, o martes, 23 e o mércores, 24 de novembro terán lugar as votacións, segundo o seguinte horario:

- 23 de novembro:
 - Persoal de administración e servizos: 13:05 a 13:25
 - Alumnado: 13:25 a 15:05 (Corredor central planta baixa)
 - Pais/nais/representantes legais: 16:30 a 18:00 (Biblioteca do centro)
- 24 de novembro: Profesorado: 12:20 a 12:45 (Audiovisuais en sesión de Claustro extraordinario)

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral

Asdo.: Dna. M^a Teresa Gómez Cheda